

AMATEURS

[Gabriela Pichler, 2017]



PASE ÚNICO EN NUMAX: 27.01.2018 | 16:00 | V.O.S.E.

Amateurs (2018, 102')

Dirección: Gabriela Pichler

Guión: Jonas Hassen Khemiri & Gabriela Pichler

Elenco: Zahraa Aldoujaili, Yara Aliadotter, Fredrik Dahl

Son: Jess Wolfsberg

Montaxe: Johan Lundborg, Andreas Nilsson, Gabriela Pichler

Vestuario: Sandra Woltersdorf

Fotografía: Johan Lundborg

Produtoras: TriArt, Eva Esseen Arndorff (Suecia)

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Sueco, inglés, árabe, tamil, kurdo, romanés, romaní, bosnio, alemán

PREMIOS E FESTIVAIS

Gothenburg Film Festival (Estrea)

SINOPSE

Lafors é unha pequena comunidade sueca que precisa desesperadamente un novo comezo. A esperanza chega cando a cadea de supermercados Superbilly pensa en abrir franquicia na área, o que suporía 500 novos empregos. Musse, da oficina do goberno local, recibe a encarga de facer o anuncio para promocionar Lafors, mais Aida e Dana loitan cos seus móbiles e paus de selfie para incluír a todos os que non teñen permitido participar no anuncio.





AMATEURS

[Gabriela Pichler, 2017]

“Un tributo aos excluídos e aos que non se venden”

Gabriela Pichler

Amateur, da cineasta sueca Gabriela Pichler, constrúese a xeito de drama humorístico e cativador, distribuído internacionalmente por LevelK. Seguindo un espírito democrático, os mozos e mozas protagonistas teñen a encomenda de promocionar o seu pequeno pobo de Lafors para atraer o cadea de supermercados alemá Superbilly, e de paso poñer a vila no mapa. Mais o resultado non será exactamente a imaxe social que as autoridades locais estaban a agardar.

«Se tedes que definir o voso pobo natal cun só vídeo clip, como sería? Interésame permitir que a historia estoupe como unha treboada nun vaso de auga. Un espirro nun microcosmos. Con humor e un pouco de xiro subversivo, un chisco de sátira con corazón e o puño pechado. *Amateurs* é un tributo a toda a xente que se revela nos pobos pequenos, aos excluídos e aos que non se venden. O voso tempo é agora», expresa Gabriela Pichler.

Amateurs será o filme de apertura do Gothenburg Film Festival, onde vivirá a súa estrea mundial dentro da

competición Nordic. Un día despois, o sábado 27 de xaneiro, poderase ver no Festival de Cinema de Rotterdam e en máis de 40 salas de todo o mundo grazas ao IFFR Live. A súa estrea sueca está programada para marzo de 2018 da man de TriArt Film.

Trátase da segunda longametraxe de Gabriela Pichler cuxo debut, con *Eat Sleep Die*, estreado no Festival Internacional de Cinema de Venecia 2012, gañou o Premio do Público da Semana da Crítica deste Certame e o Giraldillo de Ouro ao mellor filme no Festival de Cinema Europeo de Sevilla, tamén en 2012. A súa inusual mestura de humor e comentario social, combinado cun ollo especial para atopar brillantes actores amateurs, confirman o valor específico da cineasta de *Amateurs*.

Publicado en www.levelk.dk/

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónate
e ven sempre
por 4,5€**

**Faite
NUMAX!**